


Fai un trato co

galego

Curso 2023-2024



Autora: Léonie Reynaert 3ºc

**Pegada
Nº 20**



ANIVERSARIO DA REVISTA PEGADA.

A revista Pegada está de aniversario: cumpre 20 anos!

Naceu en xuño do ano 2004. Para quen ten xa unha idade, como a nosa revista, case lle parece que todo aconteceu onte. Pero se nos poñemos a revisar os números publicados desde os seus inicios, obsérvase como Pegada foi cambiando, ao tempo que tamén as leis de educación se ían sucedendo.

Deste xeito, comezou sendo unha revista en branco e negro, agás na súa portada. Pouco a pouco, os cursos pasaban e incorporábanse algunhas páxinas a cor, ata que chegou a imprimirse en múltiples tonalidades. Mesmo houbo un momento no que os seus contidos se gravaban en formato CD!

E así foi cumprindo anos, ata que no 2022, dixon que con só premer nun enlace, tiñan que descubrirse todas as tarefas que as nenas e os nenos do López Ferreiro fixeran para ela.

Durante este tempo, as producións reflectiron tamén os cambios da nosa sociedade: se ao principio primaban tarefas preciosas e maravillosas relacionadas con aspectos curriculares específicos, cada vez hai máis contidos nos que destaca a igualdade, tamén de xénero; o respecto polo medio ambiente; a formación emocional... E todo realizado con diferentes ferramentas que o mundo educativo foi incorporando: os vídeos, o Croma, a radio, a realidade aumentada, a robótica... Polo tanto, a revista Pegada é un exemplo de que a alfabetización múltiple é unha realidade no CEIP López Ferreiro.

Con todo, sempre seguiu conservando a esencia coa que naceu: desde a fidelidade á lingua galega, as nenas e os nenos do López Ferreiro son as e os protagonistas das producións, impulsadas polo seu profesorado.

Como cada ano, queremos lembrarnos do alumnado que cambia de etapa e de centro... Moita sorte neste novo camiño! Moita sorte tamén para todas e todos os docentes que estiveron con nós este curso e que non repetirán o próximo.

Agardamos que nos vaíamos atopando nese camiño que aínda nos queda por percorrer.

Xa vai sendo hora de ir pechando este limiar para comprobar as sorpresas que Pegada nos trae no 2024. Pasade as súas follas coa ilusión e o desexo de descubrir algo novo. É máis que probable que esta sexa a metáfora da vida, na que algunha xente xa estamos no comezo de escribir unha nova páxina...

Moitos parabéns e moitos anos de vida..., na defensa da nosa lingua!

M^a Carmen Montero Chacón.

Directora.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega, ademais de coordinar a edición desta revista que estás a ler e a ver, foi seleccionado este curso para desenvolver o programa 21 días co galego e +2024. Unha proposta na que só participamos dez centros de toda Galicia.

Ademais desenvolvemos un programa de innovación educativa en dinamización lingüística, que leva o nome da campaña que estamos realizando desde hai xa tres cursos e que nos axudou a ampliar a nosa proposta inicial, onde destaca a iniciativa, aquí atendemos en galego!

Fixemos un xornal e participamos de novo no Festival de Teatro Intercentros, que xa vai pola XXVIII edición.

Desenvolvemos propostas conxuntas co resto dos Equipos da escola e seguimos a colaborar con outros centros como o Monte dos Postes, A Igrexa-Calo, CEIP Ricardo Tobío ou o IES Camilo José Cela. Tamén con institucións como o Concello, a Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal, a USC...

Desde este editorial queremos agradecer a participación do alumnado nas iniciativas que presentamos e, especialmente, o compromiso do Equipo 21, un grupo de nenos e nenas de 5º e 6º de Primaria que se involucraron co EDLG en todas as actividades que propuxemos e que implicaron tamén ás súas familias.

Achegámosvos unha mostra do noso traballo, á que podedes acceder premendo nas imaxes.



TEXTOS IMPORTANTES DA NOSA MEMORIA



Aulas Antía e Encarna

Este curso 2023/24 foi o primeiro para as **Antías e Encarnas** no López Ferreiro. Un ano cheo de emocións, de primeiras experiencias e de coñecer novas persoas que nos acompañarán durante estes vindeiros anos.

Debido á ratio tan reducida que tivemos neste curso, o alumnado de ámbalas dúas aulas compartiu a gran maioría de xornadas e actividades que realizamos ao longo do ano. Tanto na aula Antía Cal como na Encarna Otero.

Como primeira actividade, coñecemos ás persoas imprescindibles nas vidas do noso alumnado a través do conto "O fío invisible" (de Miriam Tirado).



Gracias á profe Laura e ao profe Alberto, as nenas e nenos de 3 anos aprenderon moitas cousas durante este curso. Coñecemos tamén á pinga Dominga, ao dragón Ramón e ao raposo Rosso cos que nos divertimos cada día xogando e convivindo con eles. Incluso temos unha aula dixital! Entrade nela para descubrir como aprendemos



A PINGA DOMINGA



COLE DE BOIRO

Tamén coñecemos outros nenos e nenas do CEIP Praia Xardín de Boiro onde traballou a profe Laura fai uns anos. Mandámonos regalos, cartas e videochamadas. Ata viñeron de visita ao noso colexio!



OBRADOIROS DE FAMILIAS

Temos unhas familias maravillosas! Durante o curso achegaron a súa sabiduría con distintos obradoiros. Neles ensináronnos contos, arte, maquillaxe ou música. Non temos palabras para agradecerlles o que aportaron. Con que nos sorprenderán o ano que vén?



QUE FAMILIAS TAN DIVERTIDAS. OLA! SON O RAPOSO ROSSO.

Aulas Maruxa e Coralía

Neste curso 2023/24 as **Maruxas** e as **Coralías** tivemos uns alumnos e unhas alumnas de prácticas que deixaron unha pegada imborrable.






Tamén desenvolvemos diferentes propostas. As rutinas máis desfrutadas foron as dos xogos de mesa.




LÓXICA-MATEMÁTICA e LECTOESCRITURA

Este trimestre, dúas veces á semana fixemos desdobre para centrámonos no achegamento ás regletas (OAOA) e traballar a lectoescritura a través da tradición oral.



E logo ti, de quen ves sendo? Foi unha secuencia didáctica que nos achegou ás nosas familias, ás nosas casas,...



Recibimos nas nosas aulas moitas visitas ao longo do curso. **Visitáronnos as familias do alumnado.**



Fixemos 3 recitais conxuntos coa **Aula de Madores da Biblioteca Anxel Casal.**



Continuamos a nosa colaboración con **AGADEA** (Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencia Tipo Azlhéimer).



Este curso fixemos un video sobre como crear un recuncho da calma e compartímo-lo con AGADEA.



Dúas sesións á semana, xuntamos ambas aulas para achegarnos á lectoescritura, a partir de diversos textos de tradición oral.



Ademais, xunto co resto de aulas de educación infantil, gravamos este video, para traballar o 25N e o día da diversidade funcional

Por último, fomos de excursión de fin de curso á Coruña. Visitamos o **Acuario** e aprendemos un montón de cousas sobre a fauna mariña e o coidado da natureza.



ROTEIRO RÍO CORGO

Abril 2024



Parque fluvial de Santiago.

O río Corgo, tamén chamado Corvo, é un afluente do Sarela. Nace en Meixonfrío, preto da rúa Corgo e morre no Parque de Galeras no Sarela. Os seus pouco máis de 5 km están repletos de etapas que alternan tramos en superficie con outros nos que vai soterrado. Atravesa 6 parques ou zonas verdes de Compostela.

Proxecto “Auga”

Descubrinto a nosa contorna

O alumnado de 6º de infantil xunto co profesorado realizaron un tramo do percorrido do río Corgo. A ruta iniciouse dende o Parque Xixón camiñando cara o parque de Vite onde aparece o río Corgo nun canal de pedra rústica.




Soterrado baixo rotondas e parques

Continuaron río arriba, descubrinto que Corgo pasa por debaixo da estrada de Vite. Debaxo do túnel, aparecen bastantes bolsas de plástico e ademais hai certo olor bastante desagradable.



Ponte Mantible, o acueduto santiagués

Se camiñáramos cara a zona de San Caetano veríamos ao río Corgo pasar por debaixo do acueducto Ponte Mantible. Este acueducto abastecía de auga as fontes do centro histórico de súa construción remóntase aos tempos do arcebispo Diego Xelmírez no século XII. Na actualidade segue en funcionamento.



Carballeira de José Zeca Afonso

Antes de chegar ao lago do auditorio fixeron unha visita á carballeira do parque José Zeca Afonso. Paga moito a pena facer un pequeno descanso neste parque, darlle unha aperta aos carballos, buscar os bugallos polo chan, descubrir as prímulas cheíñas de flores. escoitar o silencio e ver o movemento das follas, observar como atravesan os raios do sol a follaxe das árbores.

Lago do auditorio

O río Corgo segue camiño do Parque da Música onde forma o lago do Auditorio de Galicia. Alí observaron os patos salvaxes, as ocas e infinidade de paxariños como merlos, pegas, paporrubios, pardais. O percorrido que fixeron rematou aquí, neste parque, onde merendaron e xogaron para finalizar o roteiro.



Salgueiros, bidueiros, loureiros...

Estas son algunhas das árbores que puideron observar nas ribeiras do Corgo. E tamén buscaron e atoparon especies invasoras como as canas, a vincas, as campaiñas e as crocosmias.

Para saber máis...

Se queredes ampliar e coñecer un pouco mellor o río Corgo podeades atopar información nestes enlaces:

<https://www.parquefluvialdesantiago.org>

<https://patrimoniogalego.net>

<https://compostelaverde.santiagodecompostela.gal>

PROXECTO: O CORPO HUMANO

CURSO 23/24


AS NENAS E NENOS DE 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL GOZARON MOITÍSIMO DURANTE O 2º TRIMESTRE INVESTIGANDO SOBRE O CORPO HUMANO.



XOGO SIMBÓLICO



MESA DE LUZ



QUEBRACABEZAS



CONTOS

EMPEZAMOS POLA PARTE EXTERNA, AUMENTANDO O NOSO VOCABULARIO, COÑECENDO, IDENTIFICANDO E REPRESENTANDO AS DIFERENTES PARTES INTERIORIZANDO ASÍ O NOSO ESQUEMA CORPORAL, CONSTRUÍNDO A NOSA IMAXE E IDENTIDADE PERSOAL, ENTRE OUTROS CONTIDOS.



A CONTINUACIÓN EXPERIMENTAMOS COS 5 SENTIDOS CAPTANDO E VERBALIZANDO AS DIFERENTES SENSACIÓNS QUE PERCIBIMOS A TRAVÉS DESTES, DESCUBRINDO ASÍ O SISTEMA NERVIOSO E O CEREBRO.



PRESENTAMOS O SISTEMA VISUAL, REALIZAMOS UN EXPERIMENTO E XOGAMOS CUN BINGO DE IDENTIFICACIÓN VISUAL.



PRESENTAMOS O SISTEMA AUDITIVO, IDENTIFICAMOS SONS E CREAMOS A PAISAXE AUDITIVA DA NOSA AULA



CHEIRAMOS, IDENTIFICAMOS E CLASIFICAMOS SEGUNDO O CHEIRO



CAMIÑAMOS SOBRE O CIRCUITO DE TEXTURAS, CLASIFICANDO AS SENSACIÓNS E CREANDO UN MAPA




PROBAMOS E CLASIFICAMOS OS ALIMENTOS SEGUNDO O SEU SABOR


DEPOIS DISTO MERGULLÁMONOS NO INTERIOR DO CORPO DESCUBRINDO O SISTEMA ÓSEO, MUSCULAR, RESPIRATORIO, CIRCULATORIO E DIXESTIVO, RESOLVENDO OS RETOS QUE NOS PROPÓN UN PERSONAXE QUE PRESENTAMOS AO PRINCIPIO DO PROXECTO PARA AUMENTAR ASÍ O INTERESE DO ALUMNADO, CHÁMASE LUFFY



SISTEMA ÓSEO




SISTEMA MUSCULAR



SISTEMA CIRCULATORIO



SISTEMA DIXESTIVO



SISTEMA RESPIRATORIO

ADEMAIS TIVEMOS A OPORTUNIDADE DE ENTREVISTAR Á PROFE ANA, QUE FOI ENFERMEIRA. ELA RESPONDEU AS NOSAS PREGUNTAS E PUIDEMOS ESCOITAR OS NOSOS CORAZÓN CUN ESTETOSCOPIO E TOMAR A NOSA TENSIÓN.



CONMEMORAMOS O 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, COÑECENDO Á CIENTÍFICA ROSALIND FRANKLIN FUNDAMENTAL PARA A COMPRESIÓN DO ADN.



CON TODAS ESTAS ACTIVIDADES AS NENAS E NENOS DA AULA ANTONIA FERRÍN APRENDERON MOITO A TRAVÉS DA EXPERIENCIA, A VIVENCIACIÓN E O XOGO, SENDO ESTE UN DOS PROXECTOS COS QUE MÁIS GOZARON!

ALUMNADO DE TERCEIRO


Fontes de...



A fonte de Santa Clara
o camiño nos prepara.



FONTE
DO
HOSPITALIÑO



Na fonte do Hospitaliño
bebe alegre un paxariño.

A PORTA DO CAMIÑO




Na da Porta do Camiño
fun camiñando amodiño.

A FONTE DA SEREA



Na fonte da Serea
non hai mar nin hai area.





No respaldo de pedra hai unha billa,
que bota auga de marabilla!




A fonte máis fermosa, a máis especial.
Coma esta, non hai outra igual!




Non te esquezas de ir a vela
cando pases preto dela!



Esta fonte é especial,
mais non é manancial.




A fonte de Fonseca,
nunca estará seca.



Catro cabalos atoparías,
na fonte das Praterías.

Na fonte de Cervantes,
non escribas nin cantes.



PORTADAS

PRESELECCIONADAS



Durante os meses de abril e maio acudíu ao centro Xus Rando para impartir sesións de ioga coas clases de 1º, 2º e 3º de primaria. Ensinoulles ao alumnado os aspectos máis relevantes do ioga. Xus é artista e pertence á asociación MUS-E.




As alumnas e alumnos pasárono moi ben, experimentaron como controlar a respiración, xogos cooperativos, mesmo inventaron pequenos teatros con movementos de ioga que pouco a pouco durante as sesións foron aprendendo.

O día 5 de xuño fixemos unha sesión de ioga con pais e nais, onde puideron vivenciar o que fixeron os seus fillos e fillas durante estes meses. Cremos que foi moi interesante, xa que o alumnado estaba moi contento por ter familia na sesión.



Actividades de Medioambiente durante o curso 23-24.


□ Os axudantes e axudantas do horto, nos recreos dos martes e xoves. As alumnas e alumnos de 3º e 5º de primaria, plantaron, regaron, colleitaron e sobre todo coidaron do horto, aprenderon a desfrutar da natureza e sempre que tiñamos colleita levárona con moito orgullo para gozar dela nas casas.



□ Os recantos verdes do cole: colocámoslos polos corredores e todos e todas intentamos coidalos con moito agarimo.



□ Os mini hortos , taller dos venres creativos, feitos polo alumnado de infantil.




□ O día 5 de xuño fixemos unha actividade de medioambiente. Merendar no parque da Música. Fixémolo todas as clases de infantil e primaria.



Desfrutamos moito da natureza que temos arredor da escola e tamén compartimos esta experiencia con amigos doutras clases, curmáns e irmáns.


En 4º de primaria, ao longo do curso 23/24 participamos xunto coas nosas titoras, en actividades moi interesantes:

EN OUTUBRO VISITAMOS METEOGALICIA, ONDE PRESENCIAMOS O LANZAMENTO DUN GLOBO SONDA E RECIBIMOS EXPLICACIÓNS SOBRE AS PREDICIÓNS METEOROLÓXICAS E OS APARELLOS QUE SE EMPREGAN PARA FACELAS.



CONTINUAMOS A REALIZAR EXPERIMENTOS...



O proxecto sobre a auga da biblioteca do centro, levounos a realizar distintas actividades ao longo deste curso (fotos de pluviómetros, distintos traballos sobre a auga e da ruta polo Sarela).



Participamos no obradoiro da 9º edición de "Unha enxeñeira ou científica en cada cole".



En Abril visitounos Héctor Cajaraville.



Tivemos moitos momentos de aprendizaxe



SAÍDAS MOI INTERESANTES...


Realizamos un percorrido pola cidade acompañados pola policía local e visitamos a súas dependencias, para aprender máis sobre educación viaria.




Fomos a un espectáculo musical titulado "O neno Groba e Música"



Visitamos o Aquarium Finisterrae e a Casa das Ciencias na Coruña




E.. como nos iamos esquecer! A excursión ao Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro



EN 5º, CONECTÁMONOS EN GALEGO AO MUNDO DIXITAL

Este curso foi o primeiro ano que traballamos co libro dixital e con outros medios tecnolóxicos para desenvolver e producir os contidos de 5º de primaria. Queredes coñecer algunha das nosas producións?

Alá polo mes de novembro comezamos a investigar sobre a auga, que era o tema que este curso propoñía a biblioteca. Como Galicia é a terra da auga, tamén da que cae do ceo, traballamos o campo semántico da chuvia e aprendemos a buscar os significados no dicionario dixital da RAG.



Logo, enlazamos as nosas pesquisas e gravamos un vídeo grazas á técnica do Croma. Premede na imaxe, ou no enlace <https://youtu.be/h4Uk36KwVsc>, e comprobaredes cantas palabras..., coñecedes?



Tamén participamos na conservación de “O horto do Ferreiro”. Fomos axudantes durante os recreos, colaboramos nos polos creativos e mesmo coidamos das plantas nas nosas clases. Pero para aprender máis dos produtos que cultivamos, buscamos información sobre eles e compuxemos estes códigos QR.

Así que, collede un teléfono ou unha tablet e poñédevos a escanear. Non vos preocupedes se non vos dá tempo a miralos todos, xa que se exporán na parte exterior do horto para que toda a xente que pasea pola rúa Xasmíns poida saber algo máis.





Escanea para descubrir o noso traballo

A VERZA



HORTO DO FERREIRO

LEITUGA



INFORMACIÓN DO ALOE VERA

escanea e coñecerás moito mais;



Flor do deserto

PODES ESCANEAR





TOMATES CHERRI



ESCANEA PARA COÑECER O QUE PRODUCIMOS



Amorodos



Escanea unha das foitas máis saborosas.

VIOLA AZUL

A FLOR DO AMOR



ESCANÉAME

Kale ou col rizada

Explora a nosa presentación.






No mes de maio, recibimos no centro a un grupo de profesorado e alumnado da Bretaña francesa. Na clase de lingua galega observamos que hai moitos aspectos en común entre esa rexión e Galicia: a situación xeográfica, a música, a comida, as lendas...Ata teñen unha lingua propia que está máis a piques de desaparecer cá nosa!

Cada nena ou neno de 5º formulou dúas preguntas sobre diversos aspectos bretóns. Coas que máis se repetían, elaborouse un podcast ao que puxo voz o alumnado de 5ºA. Aínda que no momento da gravación houbo algún problema técnico, a verdade é que a entrevista nos serviu para descubriremos que...As linguas unen os pobos e as súas culturas!

Velaquí a entrevista onde percorremos a vida escolar na Bretaña francesa, a situación da lingua bretoa, algunha receita e vocabulario, a súa música e o que máis lle gustou da nosa terra:

<https://lulunasondas.blogspot.com/2024/06/as-linguas-unennos.html>

AS LINGUAS UNENNOS



Contamos coa colaboración da profesora Maribel na tradución, e de Clara González Panchout (de 2ºA) na locución das preguntas en francés.



Este curso, a clase de 6ºA traballamos intensamente en proxectos que combinaron tanto o ámbito académico como a creatividade e a conciencia social. Utilizamos a auga como fio condutor para desenvolver diferentes actividades enriquecedoras e educativas.

Para comezar, buscamos un nome para a nosa aula e deseñamos un logo baseado no debuxo dunha das nosas compañeiras. Así, convertémonos en "Ondiñas veñen", un nome que nos acompañou en todas as nosas actividades. Este logo representou a nosa identidade e compromiso co proxecto; ligado tanto á nosa cultura, á arte e á gran perseveranza dos peixes Koi.



Outra mostra do noso traballo son os vídeos que fomos elaborando ao longo do curso. Entre eles destaca un programa de Pasapalabra que realizamos durante a nosa participación no Programa de 21 días co Galego e +. Nel elaboramos definicións de palabras relacionadas non só coa auga, senón tamén con mulleres importantes cuxos nomes dan identidade ás aulas do noso centro. Deste xeito, lembramos Rosalía de Castro, Irene González, Isabel Zendal, Ángela Ruiz Robles, e moitas máis; aprendendo sobre a súa vida e contribucións.

Un dos proxectos máis divertidos, foi no que inventamos unha superheroína defensora do galego, chamada "Saleta, a que fala galego porque lle peta". Este personaxe, con nome orixinal e simpático xurdido da imaxinación dun dos nosos compañeiros, promoveu o uso e aprecio da nosa lingua entre todos e todas nós. De seguro que as súas aventuras non rematan aquí.



Outro tema que abordamos foron os micromachismos. A través de debates, dinámicas e vídeos, aprendemos a detectar e cuestionar estes comportamentos, promovendo así a igualdade de xénero e o respecto. Esta aprendizaxe resultou fundamental para concienciarnos sobre a importancia de combater estas actitudes desde a base, comezando por nós mesmos e nós mesmas e polo noso entorno máis próximo.

O esforzo e dedicación nestes proxectos pagou a pena e desexamos que deixen unha pegada en todos aqueles e aquelas que os vexan. Agardamos que sexan inspiradores para tomar accións positivas na nosa comunidade. Valorem a importancia de contribuír na construción dunha sociedade máis xusta, crítica e consciente.

[CLICA NAS IMAXES PARA DESCUBRIR OS VÍDEOS](#)



MITOS E LENDAS

Unha proposta colaborativa para 6º de EP.

Cada equipo de traballo tivo que buscar os recursos, imaxes... do mito ou lenda elixido.

O traballo consistiu en:

- Busca de información.
- Elaboración dunha presentación para compartir co resto da clase.
- Subir esa presentación a unha plataforma que nos permitiu compartila.
- Crear un código QR enlazado á presentación.
- Elaborar un póster que incluíse ese código QR realizado.



b

a



MITOS E LENDAS II



Apolo y Dafne



El trasno



Hades, el dios del infierno



La caja de Pandora



Papá Noel



Poseidón y el rey del mar



Rómulo y Remo



La niña de la curva



Aquiles



Poseidón



Gorgoé, el árbol mágico de los océanos



La caja de pandora



Paris, hijo de Príamo y Hécuba



El monstruo del lago Ness



Tomte, el gnomo de la Navidad




Zeus



Os autores/as

TALLER DE ESCRITURA

6º EP



[Clica aquí](#)

Venres Creativos



Este curso 2023-24 continuamos no noso centro coa 2ª Edición do programa de innovación educativa "Polos Creativos" da Xunta de Galicia a través da proposta iniciada o ano anterior: Os Venres Creativos.

Nesta ocasión, desenvolvéronse 21 obradoiros simultáneos, ao longo de 12 sesións desde o mes de novembro ata maio.

Como novidades destacables queremos mencionar dúas:

1. Cada un dos grupos correspondentes aos 3 bloques internivel asistiron a cada obradoiro 2 venres.
2. O alumnado voluntario de 5º e 6º de educación primaria apoiou como "mini-guías" os obradoiros desenvolvidos no bloque inicial (educación infantil) e no bloque medio (1º-2º-3º EP).



Preme

E DESCUBRE AS PROPOSTAS DE CADA OBRADOIRO

Un ano máis, a proposta de Venres Creativos foi todo un éxito!

Obradoiros Venres Creativos

ALGUNHAS IMAXES




EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE SECCIÓN BILINGÜES

PROJECTS IN COMMON: Halloween projects decorated the corridors of our school :

- A huge pumpkin
- Pumpkins inspired in Yayoy Kusama, Picasso, Mondrian, Andy Warhol and Irma
- Day of the Dead skulls.



OTHER PROJECTS IN COMMON:



Happy Pride Month to all the educators working to create affirming school communities for their students and colleagues! You are saving lives every day!



THIS IS US

This school year, our exchange program with our French partners in Brest took an innovative turn. To help our visitors get to know us better before their visit, we created a digital book showcasing our self-portraits and videos. This project not only allowed us to present ourselves artistically, but also gave us the opportunity to apply the skills we have been learning in class.

Each student drew their self-portrait, capturing unique aspects of their personality and interests. These drawings were then digitized and compiled into an interactive book. But we didn't stop there. Taking full advantage of our technology and language lessons, we recorded videos in which we introduced ourselves, talked about our hobbies and shared impressions of our daily lives and school experiences.

The process was both fun and educational, and offered a perfect blend of creativity and technical skill.

By working on this project, we improved our digital media, communication and self expression skills. It was exciting to think that our French friends would see our faces and hear our voices even before we met in person. This initiative was intended to break the ice and establish a connection that went beyond mere names and faces. We hoped that this activity would help our French friends in Brest feel at home upon arrival and a sense of familiarity as they got to know us a little bit. The idea was to contribute to a memorable and enriching exchange experience.

We enjoyed it a lot!



FROM BREST TO SANTIAGO


The week of May 20th to May 24th was truly special for our school. Students and teachers from Brest arrived in Santiago, straight to our ❤️

We had been willing for the meeting, so hard!! We had been cooperating together on different projects for nearly two years, and this was the final reward.

We shared a variety of activities in the mornings. In the afternoons we went sightseeing around Santiago and exploring a piece of our stunning coastline. Our guests noticed the striking similarities between Brittany and Galicia: the music, landscapes, culture, and ... the weather :)

We are deeply grateful to them for the activities they prepared for all our students, for their enthusiasm with everyone and for their participation in every activity we organized. We can barely express our gratitude for the warm welcome extended by our school community and their dedication to this exchange adventure. Our guests enjoyed our school, our city, the reception in the town hall, our landscapes, and the meal prepared by Susana and Pepe 😊


This QR code will take you to a presentation that pretends to summarize this unforgettable experience.





egada Nº 20

Fai un trato co



alego

Curso 2023/24

Autor: Álex Balsa 3ºA